

ESO

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Contidos esixibles.

Os contidos do programa de recuperación de materias pendentes estarán baseados nos estándares de aprendizaxe recollidos no cadro correspondente desta programación, no grado elemental.

Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.

Aquel alumnado que teña a materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual do curso anterior, será obxecto dun seguimento periódico durante o curso. Este seguimento consistirá na realización dunha serie de tarefas propostas polo Departamento cunha periodicidade mensual e que deberán de ser entregados nas datas sinaladas.

Ofreceráselles un recreo á semana para consultar dúbidas.

Avaliación de pendentes

Ademáis da entrega de tódolos exercicios en prazo anteriormente mencionados, os alumnos terán que presentarse ás probas que se celebrarán dacordo co calendario previsto pola Dirección, para poder seren avaliados. Teñen a opción de presentarse ás dúas probas parciais ou a unha final no caso de non superar algunha das anteriores.

Para aprobar a asignatura, as notas destas probas deben ser alomenos de 3.

Sistema de cualificación

Para o cálculo da nota da avaliación ponderarase a nota obtida nas tarefas propostas polo Departamento un 40% e a nota das probas un 60%. Para aprobar a asignatura, a nota media debe ser alomenos de 5.

Se a nota final é un 5 ou superior, redondearase a nota con decimais ao valor enteiro da cualificación, excepto no caso de que a fracción decimal sexa de 0,5 ou máis, en que se adxudicará o valor enteiro seguinte.

No mes de setembro poderá ofertarse a posibilidade de entregar unha serie de actividades que lles serán presentadas a final do curso ou ben realizar unha única proba que versará sobre os estándares traballados nas tarefas propostas durante o ano.

BACHARELATO

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os contidos do programa de recuperación de materias pendentes estarán baseados nos estándares de aprendizaxe recollidos no cadro correspondente desta programación.

Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.

O alumnado coa materia de Debuxo Técnico I, será obxecto dun seguimento periódico durante o curso que consistirá na realización dunha serie de tarefas propostas polo Departamento, cunha periodicidade bimensual e que deberán ser entregadas nas datas sinaladas. Ofreceráselles un recreo á semana para consultar dúbidas.

O alumnado coa materia de Debuxo Artístico I deberá entregar, nas datas sinaladas, unha serie de tarefas propostas polo Departamento. No caso de non estar superadas, deberá resolver unha proba o día que o equipo directivo estableza para a proba final de pendentes.

Avaliación de pendentes

Os alumnos coa materia de Debuxo Técnico I pendente terán que presentarse ás probas que se celebrarán dacordo co calendario previsto pola Dirección, para poder seren avaliados. Teñen a opción de presentarse ás dúas probas parciais ou a unha final no caso de non superar algunha das anteriores. Os alumnos con Debuxo Artístico I pendente e que non entregaran o 75% de traballos propostos ou non lograran a avaliación positiva nas tarefas entregadas, deberán presentarse á proba final dacordo co calendario previsto polo equipo directivo.

Sistema de cualificación

Para o cálculo da nota das probas parciais dos alumnos con Debuxo Técnico I pendente ponderarase a nota obtida nas tarefas do Departamento un 30% e a nota da proba un 70%, sempre que a cualificación obtida na proba sexa superior a un 3 sobre 10. Se a media ponderada das dúas partes é equivalente a un 5 ou máis, queda superada a materia. En caso contrario, o alumno ten a posibilidade de realizar unha proba final onde se seguirá tendo en conta o traballo realizado durante o curso (30%) e a cualificación obtida na proba final (70%), sempre e cando ésta sexa dun 3 ou superior. En calquera dos casos, se a nota final é un 5 ou máis, redondearase a nota con decimais ao valor enteiro da cualificación, excepto no caso de que a fracción decimal sexa de 0,5 ou máis, en que se adxudicará o valor enteiro seguinte.

A nota dos alumnos coa materia de Debuxo Artístico I pendente, obterase coa media aritmética dos traballos ou, no caso de non telos entregados nas condicións expostas anteriormente, coa nota obtida na proba final. En ambos casos, se a nota final é un 5 ou superior, redondearase a nota con decimais ao valor enteiro da cualificación, excepto no caso de que a fracción decimal sexa de 0,5 ou máis, en que se adxudicará o valor enteiro seguinte.

No mes de setembro a cualificación de aprobado obterase mediante unha única proba no caso dos alumnos coa materia de Debuxo Técnico I pendente. Mentras que os alumnos coa materia de Debuxo Artístico I deberán entregar na hora e data fixada para a proba, as propostas de traballo que deseñe o Departamento para tal fin, ou realizar unha proba (opción a elixir polo alumno). No primeiro caso, a nota sería a media aritmética das cualificacións obtidas nos traballos, e no segundo, a nota obtida no exame.